

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*RESOLUCIÓN do 9 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se amplían as medidas urxentes para a erradicación e control da praga *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Antecedentes:

A praga denominada couza guatemalteca da pataca, provocada polo organismo nocivo denominado *Tecia solanivora Povolny* ou *Scrobipalopsis solanivora Povolny*, foi detectada na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2015.

A través da Resolución do 16 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (DOG núm. 209, do 3 de novembro), declarouse a presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca e establecéronse as zonas demarcadas para esta praga e as medidas urxentes para a súa erradicación e control.

Posteriormente producíronse novas deteccións deste organismo noutras zonas do territorio da comunidade autónoma, as cales foron actualizadas mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (DOG núm. 38, do 25 de febreiro), e mediante a Resolución do 2 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (DOG núm. 25, do 6 de febreiro).

Á espera de que se aprobe e se publique o programa nacional de control e erradicación de *Tecia solanivora Povolny*, faise necesario establecer novas medidas complementarias que permitan o control das plantacións e movementos de patacas dentro das zonas afectadas.

Por todo o anteriormente exposto,

RESOLVO:

1. De conformidade co previsto no artigo 5.c) da Lei 43/2002, do 20 de novembro, os operadores de pataca deberán notificar de forma inmediata á Dirección Xeral de Gandaría,



Agricultura e Industrias Agroalimentarias, cando detecten síntomas ou sospeiten da presenza de *Tecia solanivora Povolny* nas súas instalacións.

2. Co fin de dispoñer da maior información sobre a superficie plantada e, en particular, a dedicada á produción de pataca para o autoconsumo, e a súa distribución en Galicia, os comerciantes ou puntos de venda de semente solicitarán dos compradores de pataca de semente a seguinte información: nome e enderezo do comprador, cantidade adquirida, data de adquisición. Esta información estará á disposición dos servizos oficiais de sanidade vexetal.

3. Todo produtor de pataca, tanto profesional como de autoconsumo, localizado en calquera dos concellos declarados como zona demarcada, deberá comunicar a superficie plantada na presente campaña, de acordo co anexo I.

4. A Administración local reforzará a vixilancia da procedencia dos tubérculos que se venden nos mercados locais, constatando a orixe da pataca comercializada e adoptando as medidas para impedir, se é o caso, a circulación.

5. Mentres non se aproba a normativa estatal, recoméndase non realizar a plantación de cultivo de pataca nas zonas demarcadas. Tras a publicación do programa nacional de control e erradicación do patóxeno, a presenza da praga nos cultivos das zonas afectadas suporá que estes sexan declarados como infestados, e procederase á arrinca e destrución da colleita.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2017

Belén María do Campo Piñeiro  
Directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**PLAN DE CONTINXENCIA DE TECIA (SCROBIPALPOSIS) SOLANIVORA**  
*(Povolny)*
**ANEXO I**

|  |  |                                  |
|--|--|----------------------------------|
| PROCEDIMENTO<br><b>DECLARACIÓN DE CULTIVO DE PATACA</b><br>REFERENCIA SIXPAC DAS PARCELAS CULTIVADAS | CAMPAÑA<br><input type="text" value="2017"/> | DOCUMENTO<br><b>COMUNICACIÓN</b> |
|--|--|----------------------------------|

|  |                                |   |
|--|--------------------------------|---|
| <b>DATOS PERSOAIS DO PRODUTOR</b>                      |                                | Código de explotación no rexistro (Reaga): <input type="text"/> |
| APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>   |                                | NIF <input type="text"/>  |
| ENDEREZO <input type="text"/>                          |                                | LOCALIDADE <input type="text"/>                                 |
| CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>                     | PROVINCIA <input type="text"/> | CONCELLO <input type="text"/>                                   |
| TELÉFONO <input type="text"/>                          | FAX <input type="text"/>       | ENDEREZO ELECTRÓNICO <input type="text"/>                       |
| <b>DATOS DO REPRESENTANTE DO PRODUTOR / CULTIVADOR</b> |                                |   |
| APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>   |                                | NIF <input type="text"/>  |

| Parcelas de pataca | (SE É O CASO)<br>COORDENADAS<br>UTM | Cód.<br>prov. | Concello | Nº<br>políg. | Nº<br>parcela | Nº<br>recinto | Sup. (m <sup>2</sup> )<br>parcela | Sup. (m <sup>2</sup> )<br>sementada | Variedade |
|--------------------|-------------------------------------|---------------|----------|--------------|---------------|---------------|-----------------------------------|-------------------------------------|-----------|
|                    |                                     | X / Y         |          |              |               |               |                                   |                                     |           |
|                    | X / Y                               |               |          |              |               |               |                                   |                                     |           |
|                    | X / Y                               |               |          |              |               |               |                                   |                                     |           |
|                    | X / Y                               |               |          |              |               |               |                                   |                                     |           |

**LUGAR PREVISTO DE APROVISIONAMENTO E ALMACENAMENTO DA PATACA RECOLLIDA:**

Enderezo: \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_

Código postal: \_\_\_\_\_ Concello: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de **protección de datos de carácter persoal**, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro.

**Referencias á LEXISLACIÓN APLICABLE**

**Lei 43/2002**, do 20 de novembro, de sanidade vexetal. **Real decreto 58/2005**, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión de organismos nocivos... **Real decreto 1190/1998** que regula os programas de erradicación e control de organismos nocivos... **Directivas 2000/29/CE**... **Resolucións da Consellería do Medio Rural.**

**SINATURA DA DECLARACIÓN DO CULTIVO DE PATACA**

LUGAR E DATA  de  de

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de \_\_\_\_\_

CVE-DOG: n6nbnhg6-6nx9-ibf8-04m1-db4n8vwwkdo9



TODO PRODUTOR QUE REALICE A DECLARACIÓN DE CULTIVO DE PATACA PRESENTARÁ O MODELO DE COMUNICACIÓN NO CAL INDICARÁ A TOTALIDADE DAS REFERENCIAS SIXPAC DAS PARCELAS DE PATACA QUE CULTIVA NA ZONA DEMARCADA.

FORMALIZACIÓN DOS DATOS SOLICITADOS NO IMPRESO

**IDENTIFICADOR DO PRODUTOR/CULTIVADOR**

- Enténdese a identificación do produtor como cultivador, independentemente do propietario da parcela. Se declara outra persoa por representación, a identificación do representante/parente.
- Indicarase o código da explotación agraria (CEA) se está inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga).

**PARCELAS DE CULTIVO DE PATACA**

- Indicarase a referencia Sixpac das parcelas e a súa superficie, e a superficie sementada se é cultivada en parte.
- Para parcelas en que non conste referencia Sixpac rústica (solo urbano, núcleo, etc.) pode referenciarse a coordenada UTM do recinto.
- Os datos indícanse nas diferentes celas deste impreso de acordo cos seguintes criterios: a superficie en metros cadrados (m<sup>2</sup>).
- Se é posible indícar a variedade ou outras observacións que permitan axudar a caracterizar a praga e o seu comportamento.

